

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3015

Feitos

Con data do 23 de abril do 2025, este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/3015, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Enxeñaría Industrial (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, con algunha das persoas candidatas:

Méndez Pérez, Juan Albino: vogal 1º titular
Benavides Cuéllar, Carmen: vogal 3ª titular
García Rodríguez, Isaías : vogal 1º suplente
García Ordás, María Teresa: vogal 2ª suplente

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución dos/das mencionados/as vogais.

Por outra banda, o artigo 6.3 da citada normativa establece que as comisións de selección estarán compostas cando menos por tres membros titulares e outros tres suplentes alleos á Universidade da Coruña (UDC), elixidos por sorteo público a partir dunha lista cualificada de profesorado e persoal investigador elaborada polo departamento.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións:

Vogal 1ª titular: substitúese pola vogal 3ª suplente, dona María de los Reyes Poo Argüelles, profesora titular de universidade da Universidade de Oviedo.

Vogal 3ª titular: substitúese por don Santiago Torres Álvarez, profesor contratado doutor da Universidade da Laguna.

Vogal 1º suplente: substitúese por don Hilario López García, catedrático de universidade da Universidade de Oviedo.

Vogal 2ª suplente: substitúese por don Iván José Machón González, titular de universidade da Universidade de Oviedo.

Vogal 3ª suplente: substitúese por don Carlos Fernández López, titular de universidade da Universidade de León.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández